

A xornada A Fórmula cooperativa nos servizos sociais enmárcase no programa de actuación 2015 da Rede Eusumo.

A Rede Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia para o fomento do cooperativismo e a economía social.

A través da Rede Eusumo:

- **Foméntase o espírito emprendedor** a través da fórmula cooperativa.
- **Préstase apoio directo** á creación e consolidación de emprego con base na economía social.
- **Impúlsase o modelo empresarial no ámbito local**, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.



Inscrición:

A xornada ten carácter gratuito.

Prazo de inscrición: ata o 23 de febreiro de 2015

Pódeste inscribir facilitando o teu nome, DNI, teléfono e correo electrónico no teléfono 981 55 80 08 ou en info@eusumo.coop

Máis información en

 981 558 008  info@eusumo.coop  www.eusumo.coop



Xornada
**A FÓRMULA COOPERATIVA
NOS SERVIZOS SOCIAIS**

A fórmula que mellor se adapta a
proxectos de iniciativa social

**24 de febreiro de 2015
VIGO**

Cámara de Comercio de Vigo
Calle de la República Argentina,
18, 36201 Vigo



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA DE GALICIA

Esta xornada pretende amosar **as vantaxes** e particularidades **da fórmula cooperativa** como o **mellor modelo empresarial** para **impulsar proxectos de iniciativa social**. Esta xornada persegue os seguintes obxectivos:

- Coñecer o marco dos servizos sociais en Galicia.
- Achegar o modelo cooperativo a persoas que pretenden emprender no sector de servizos sociais.
- Dar a coñecer referentes cooperativos neste sector.
- Mostrar os recursos e apoios existentes para impulsar proxectos cooperativos no sector servizos sociais.



a quen vai dirixida?



Esta xornada vai dirixida a tanto a **persoas interesadas en impulsar proxectos sociais**, como a **persoas interesadas en formación relativa as actividades ligadas ás iniciativas sociais**.

_10:00 h Benvida e presentación da Rede Eusumo
Coordinación técnica da Rede Eusumo.

_10:15 h O marco dos servizos sociais en Galicia
Diego Estévez García – Consultor especializado en servizos sociais
Adolfo Neira- Socio Consultor de Eosa Consultores

- Estrutura dos servizos sociais na Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.
- Servizos sociais comunitarios e especializados.
- Catálogo de servizos sociais.
- A participación da iniciativa social e de entidades privadas de carácter mercantil na prestación dos servizos sociais.
- Rexistro e autorización dos servizos sociais en Galicia (Decreto 254/2001)

_11:30 h Aproveitar as oportunidades de emprendemento nos servizos sociais dende a fórmula empresarial cooperativa.
Teresa Balado – Técnico da Rede Eusumo

- As cooperativas unha alternativa laboral: características e particularidades das cooperativas, contorno cooperativo, principios e valores.
- Os tipos de cooperativas que mellor se adaptan aos servizos sociais.
- Exemplos de experiencias cooperativas no ámbito dos servizos sociais.

_12:30 h Liñas de apoio e financiamento para o emprendemento cooperativo no sector servizos sociais.
Teresa Balado – Técnico da Rede Eusumo

_13:00h Peche da xornada.